

**José Antonio Fernández García**

Licenciado e doutor en Veterinaria  
Membro da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo

## Cómpre o veterinario de explotación nas granxas de vacún?

► DO PLAN SANITARIO INTEGRAL EMANA A NECESIDADE DA FIGURA DUN VETERINARIO QUE TEÑA UNHA VISIÓN DE CONXUNTO DA EXPLOTACIÓN

O 16 de maio do 2023 publicouse o RD 364/2023, onde se establecía a figura do veterinario de explotación, así como as súas funcións, que vén cumprir a normativa do Regulamento 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello e da Lei 44/2003 do 21 de novembro do 2003.

No devandito RD establécense como funcións prioritarias do veterinario de explotación elaborar un plan sanitario integral e un plan de benestar; no Anexo VI vén detallado o contido mínimo do plan sanitario. O citado RD entrou en vigor o 18 de maio de 2023 e estableceuse un prazo dun ano para designar o veterinario de explotación e dispor dun plan

sanitario integral, ou sexa, o 18 de maio de 2024.

Practicamente dous meses antes de que concluíse este período de adaptación, o Ministerio de Agricultura a través de notas de prensa propón o seu adiamento ata xuño do 2025 e, ultimamente, mesmo falaba de que poida ter un carácter voluntario, no canto de obrigatorio, o cal incumpre a normativa comunitaria.

Antes de responder á pregunta de inicio deste artigo de opinión, gustaríame expoñer de xeito conciso as funcións que levaría a cabo o veterinario de explotación.

As explotacións de gando vacún adoitan estar atendidas por diversos veterinarios nas súas diversas especialidades. Cada un na súa función (clínica, reprodución, alimentación, calidade do leite, ADSG, podoloxía etc.) leva a cabo un formidable labor na mellora da súa parcela de actuación. Con todo, este sistema de traballo fai que non exista unha figura que poida ter unha visión de conxunto da explotación e poder relacionar o manexo, a hixiene, a bioseguridade ou o benestar animal coa situación sanitaria desta, ou mesmo ter unha mellor coordinación na utilización prudente de antimicrobianos, para conseguir a progresiva redución do seu uso ata alcanzar os consumos medios dos estados europeos máis avanzados na devandita redución, xa que, debido á resistencia antimicrobiana que xera o seu uso indiscriminado e as súas consecuencias, é unha prioridade da Unión Europea.

Por iso resulta imprescindible ter un documento, chamado “Plan sanitario integral”, que integre de maneira conxunta as medidas sanitarias, de

hixiene e de bioseguridade, así como o uso racional de antimicrobianos. De aquí emana a necesidade de ter a figura dun veterinario que teña unha visión de conxunto ou integral da explotación, o cal, á parte de deseñar e redactar o devandito plan sanitario, verificará a súa adecuada implantación e sempre tendo en conta as achegas dos demais veterinarios que realizan funcións na granxa, asesorando ao gandeiro en todas as cuestións que necesite mellorar a través dunha serie de visitas zoonosanitarias.

Ao meu entender, todo o exposto non supón carga burocrática para o gandeiro, o cal só terá como obriga comunicarlle á autoridade competente a designación do seu veterinario de explotación, co cal, todo o que poderíamos chamar papelame ligado ao plan sanitario o vai levar a cabo o devandito veterinario. O titular da explotación terá que ir cumprindo de forma paulatina os puntos recollidos no citado plan, que sempre estará adaptado ás diferentes tipoloxías das explotacións, así como ás condicións hixiénico-sanitarias que teñan as granxas.

Todo iso levará a unha mellora do estado sanitario e de benestar animal da explotación, algo que redundará nunha mellora da rendibilidade e nunha maior seguridade nos alimentos que produce a granxa.

Algún sindicato fala de que o custo de dispor dun veterinario en exclusividade sería inasumible polas granxas familiares. Este concepto de exclusividade é erróneo no sentido de que o veterinario tivese a única función de atender unha soa granxa. No caso de granxas familiares o veterinario podería desenvolver a súa función en todas

► CÓMPRE O VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN NAS GRANXAS DE GANDO VACÚN NA GANDERÍA DO SÉCULO XXI, CANDO A PREVENCIÓN SERÁ A PEDRA ANGULAR DA ÓPTIMA PRODUCCIÓN ANIMAL, DA DEFENSA ANTE EVENTUAIS CRISES SANITARIAS E DE REDUCIR NA MEDIDA DO POSIBLE O IMPACTO NEGATIVO NO MEDIO? EU CREO QUE SI. E VOSTEDES?

as explotacións que lle permitise a súa capacidade laboral e a un custo perfectamente asumible polas granxas. Outra cuestión serían as grandes explotacións, as cales poderían asumir, sen problemas, o custo dun veterinario a título de exclusividade.

Debemos ter en conta que a globalización trae consigo un maior fluxo migratorio de poboación e de mercadorías. Isto, como ben sabemos, supón un risco e un maior perigo sanitario (cabe lembrar a gripe aviaria, a lingua azul ou a enfermidade hemorráxica epizootica). Estamos a mercé dun futuro incerto en canto a novas epizootias (febre aftosa, febre do val do Rift, novos serotipos

de lingua azul, da enfermidade hemorráxica epizootica...), as cales están na nosa proximidade xeográfica (norte de África) e, noutros casos, poden chegar a Europa desde outras latitudes máis afastadas; por iso, non se debería baixar a garda con relaxacións ou flexibilizacións en cuestións sanitarias.

O bo manexo e as medidas de bioseguridade nunha granxa son vitais ante as crises sanitarias; por iso, os plans de continxencia fronte ás enfermidades emerxentes incluídas no Plan sanitario integral deben ser un punto importante a ter en conta. En España, e sobre todo en Galicia, avanzamos moito no control de en-

fermidades do gando, polo que deberíamos manter a máxima prevención e implementar todos os mecanismos de defensa que nos permitan consolidar e avanzar no noso status sanitario, para o que o Plan sanitario integral constitúe unha ferramenta indispensable. O seu propio nome indica que ten unha misión integradora, non só das funcións de hixiene e bioseguridade, senón tamén das restantes funcións que levan a cabo todos os veterinarios que visitan a granxa, pero sempre desde unha óptica colaboradora e de coordinación, non supervisora do traballo doutros profesionais.

Á pregunta “Cómpre o veterinario de explotación nas granxas de gando vacún na gandería do século XXI, onde a prevención será a pedra angular da óptima produción animal, da defensa ante eventuais crises sanitarias e de reducir na medida do posible o impacto negativo no medioambiente?”. Eu creo que a resposta é si. E vostedes? ■

## Vaca SHOP

(REAÇÕES EXCLUSIVAS!)

NOVOS  
MODELOS  
TODOS OS TALLES!



TIENDA.VACAPINTA.COM

